

## CICLOS SUPERIORES

## PROGRAMACIÓN XERAL

Presentamos a programación xeral do curso escolar 2025/2026. , horarios, calendario escolar, actividades complementarias, e información de interese para as familias.



## COLEXIO PLURILINGÜE “SAN JOSÉ DE LA GUÍA”

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

[www.sanjosedelaguia.com](http://www.sanjosedelaguia.com)





**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## Índice

1. POLÍTICA DE CALIDADE .....	2
Que ofrecemos ... ..	2
Os nosos valores.....	2
2. OBXECTIVO E LEMA DO CURSO .....	3
OBXECTIVO XERAL ANUAL .....	3
LEMA DO CURSO.....	3
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .....	3
TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL).....	3
3. HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR.....	3
HORARIO .....	3
CALENDARIO ESCOLAR 2025-2026 .....	4
4. AVALIACIÓNS .....	5
5. ACTIVIDADES, CELEBRACIÓNS E SAÍDAS CULTURAIS.....	7
6. COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	9
7. OFERTA ESCOLAR .....	9
AULA MATINAL: .....	9
SERVIZO DE MEDIODÍA .....	9
PSICÓLOGO EXTERNO .....	9
COMEDOR .....	9
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CENTRO O .....	9
8. SEGURO ESCOLAR .....	9
9. NORMATIVA.....	10
10. ESTRUCTURA CICLOS.....	15
11. PLANIFICACIÓN PASTORAL .....	48
12. POLÍTICA LINGÜÍSTICA .....	48
13. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TICS.....	49



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



# 1. POLÍTICA DE CALIDADE

## Quen somos

A Congregación de Siervas de San José, titular do Centro San José da Guía, situado no barrio de Teis, Vigo, ten como misión a evanxelización e promoción do mundo traballador e pobre.

A Familia de Nazaret, fogar e taller, inspira o noso quefacer educativo.

O Centro está **ABERTO A TODOS**, sen distinción de raza, crenzas relixiosas, ideas políticas... cunha especial atención aos que máis nos necesitan.

Ofrecemos unha **FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNADO** en colaboración cos pais, e intentamos dar respostas ás necesidades que se suscitan na nosa COMUNIDADE EDUCATIVA, dende o punto de vista humano, cristián, cultural, e académico.

O modelo educativo do noso Centro baséase nunha concepción cristiá do home, da vida e do mundo, dentro do respecto a outras crenzas.

A Fe, o Traballo e o Amor son eixes transversais da nosa tarefa educativa.

## Os nosos valores...

A nosa opción pola persoa a fundamentamos na antropoloxía e cultura que se inspira no Evanxeo. Jesús de Nazaret é o noso modelo de persoa. Segundo isto queremos educar nos nosos valores de:

**PAZ, TRABALLO, LIBERDADE, AMOR, SOLIDARIEDADE, XUSTIZA, SENCILLEZ, COLABORACIÓN**

A Dirección transmite e vela polo cumprimento de todos os requisitos legais e reglamentarios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.

## Que ofrecemos ...

Queremos ser percibidos como un Centro que pretende formar persoas que opta, entre outros, polos seguintes principios:

**PEDAGOXÍA PERSOALIZADA** centrada no alumno e que pretende alcanzar o seu desenvolvemento Integral.

A educación en valores cristiáns.

Unha **METODOLOXÍA ABERTA, FLEXIBLE E ACTIVA** que se adapte ás características do grupo de alumnos, ao seu momento evolutivo e á realidade do contorno, e que posibilite que se transformen en suxeitos activos da súa propia aprendizaxe.

A **FORMACIÓN INTELCTUAL DO ALUMNO** que pretende espertar a inquietude pola procura da verdade, pola investigación, a valoración crítica da realidade e a capacitación profesional.

Unha **EDUCACIÓN MÁIS ALÓ DA AULA E DO HORARIO ESCOLAR** e que ten en conta a formación para o lecer.

Preparación do alumnado para o uso constructivo dos Medios de Comunicación Social e das novas tecnoloxías.

**CONSIDERA A AVALIACIÓN COMA UN PROCESO CONTINUO** que abarca os aspectos e dimensións do proceso educativo e da vida do Centro.

Mediante a posta en práctica destes principios pedagóxicos e humanos, **PRETENDEMOS MELLORAR O NIVEL CULTURAL DA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA E O SEU COMPROMISO CRISTIÁN.**



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## 2. OBXECTIVO E LEMA DO CURSO

### OBXECTIVO XERAL ANUAL

O obxectivo do Centro para o curso escolar 25/26 é:

**“Construir unha comunidade máis equitativa sendo persoas conscientes e activas nunha contorna diversa”**

### LEMA DO CURSO

**“ONDE QUEIRA QUE VAIAS”**

En cada nivel educativo establecen os seus obxectivos específicos, tal e como se indica ao longo desta programación.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Desenrolar as súas capacidades emocionais e afectivas.
- ✓ Desenrolar actitudes axeitadas ante as normas da escola, os traballos individuais e a participación colectiva.
- ✓ Fomentar hábitos para o coidado da nosa contorna.
- ✓ Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- ✓ Desenrolar habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

### TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)

**Como Centro plurilingüe que fomenta a integración das linguas, plantexamos os seguintes obxectivos para o curso 25/26:**

- ✓ Introducir e potenciar o uso do Galego no alumnado dende Educación Infantil.
- ✓ A nivel oral: coidaremos a coherencia e a cohesión da lingua na que temos que falar tendo en conta o carácter plurilingüe do Centro.

## 3. HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR

### HORARIO

8:55h – 13:55h

### HORARIO DE VISITAS



## COLEXIO PLURLINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



### Dirección

- Luns de 12:00 h a 12:50 h.
- Martes de 16:30 h a 18:30 h.  
E sempre que haxa algo urxente.

### Secretaría

- De luns a venres de 09:00 h a 10:00 h e de 13:00 a 15:00 h.

### Administración

- De luns a venres de 09:00 h a 11:00 h.

### Titores/as e docentes

- Os martes de 17:30 h ata 18:30 h.

## CALENDARIO ESCOLAR 2025-2026

Este curso as clases iniciáronse o 8 de setembro de 2025 e rematarán o 20 de Xuño de 2026, ambos inclusive.

As vacacións de Nadal serán dende o 20 de decembro de 2025 ata o 7 de xaneiro de 2026, ambos inclusive.

A Semana Santa será dende o día 28 de marzo ao 6 de abril de 2026, ambos inclusive.

Serán días sen clase o 31 de Outubro, 3 de novembro, 8 de decembro, do 14 ao 18 de febreiro (Entroido), 19 de marzo 1 de maio.

CALENDARIO ESCOLAR 2025 – 2026							
<b>septiembre 2025</b>	<b>octubre 2025</b>	<b>noviembre 2025</b>	<b>diciembre 2025</b>				
<b>enero 2026</b>	<b>febrero 2026</b>	<b>marzo 2026</b>	<b>abril 2026</b>				
<b>mayo 2026</b>	<b>junio 2026</b>						
<b>LEYENDA</b>							
8-sep	Inicio de curso	22-12	V. Navidad	16-feb	V. Carnaval	25-mar	V. Semana Santa
19-jun	Fin de curso	11-ma	Festivo	FEST	Día de la Enseñanza		



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## 4. AVALIACIÓNS

### 1º CFGS EDUCACIÓN INFANTIL E INTEGRACIÓN SOCIAL

#### Avaliación inicial:

- Integración Social: 14 de outubro ás 16:30
- Educación Infantil: 14 de outubro ás 17:15

#### 1ª avaliación:

- Avaliación: martes 16 de decembro
- Notas 1º de ciclos formativos e inicio vacacións nadal: venres 19 de decembro. Reclamacións presenciais previa cita.
- Vacacións Nadal: 20 de decembro ao 7 de xaneiro (ambos inclusive).

#### 2ª avaliación

- Avaliación: martes 25 de marzo
- Notas 1º de ciclos formativos e inicio de vacacións de Semana Santa: venres 27 de marzo. Reclamacións presenciais previa cita.
- Vacacións de Semana Santa: 28 de marzo ao 6 de abril (incluídos)

#### 3ª avaliación

- Fin de clases: venres 29 de maio
- Avaliación: 9 de xuño martes
- Exames finais: 17 mércores, 18 xoves e 19 venres
- Publicacións e revisións previa cita: 22 de xuño
- Avaliación final: 23 de xuño.



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



- Entrega de notas 26 de xuño.

## 2º CFGS EDUCACIÓN INFANTIL E INTEGRACIÓN SOCIAL

### 1ª avaliación:

- Avaliación: martes 16 de decembro
- Notas, reclamacións (previa cita) e tutoría: venres 19 de decembro
- Vacacións Nadal: 20 de decembro ao 7 de xaneiro (ambos inclusive).

### 2ª avaliación:

- Finalización das aulas no centro: venres 30 de xaneiro
- Datas de recuperacións para poder acceder ás prácticas superando o 50% da carga horaria semanal dos módulos: 2,3 e 4 de febreiro considérase de posibles
- Revisión, publicación e período de reclamación de notas: luns 9 de febreiro.
- Avaliación parcial: 10 de febreiro. Reunirse os equipos docentes para concretar que persoas acuden a prácticas por ter acadados os requisitos axeitados.
- Data de inicio das prácticas: 23 de febreiro luns ao xoves 28 de maio. Deberán ser 8 horas diarias.
- Presentación de proxectos 3 mércores, 4 xoves e 5 venres de xuño
- Exames de recuperación finais: 8 luns, 9 martes e 10 mércores.
- Publicación e revisión de proxectos luns 15 de xuño pola mañá.
- Avaliación final de 2º: martes 16 de xuño pola mañá.
- Acto de graduación: martes 16 de xuño pola tarde
- Entrega de notas e solicitude de título: mércores 17 de xuño



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## 5. ACTIVIDADES, CELEBRACIONES E SAÍDAS CULTURAIS

### 1º EDUCACIÓN INFANTIL

SAÍDAS, CHARLAS, VISITAS...	AVALIACIÓN
CAI APAMP	2º
Museo pedagógico Compostela	1º
Alteracións da linguaxe (Nuria)	2ª
Mobilidades para Erasmus + prácticas	3º
Día VII	1ª
"Un día na escola"	2ª
Salón do libro infantil e xuvenil Pontevedra	2ª
Cine social	2ª
Foresta	3ª
Método de proxectos (profesorado do centro)	3ª
Charla Sindicatos	2º
Biblioteca Neira Vilas	3ª
Rede de mulleres	1º
Convivencia ciclos	1º
Libros para soñar	2º
Charla orientador laboral	3º
Instituto da psicomotricidade	2º
Sensorializate	1º

### 2º CFGS EDUCACIÓN INFANTIL

SAÍDAS, CHARLAS, VISITAS...	AVALIACIÓN
Charla sobre TEA (Nuria)	2º
ONG Taller de Solidaridade	1ª
Visita aula hospitalaria	1º
Proxecto interxeracional AFAGA	1ª
Mobilidade Erasmus +	1ª
Enfermidades accidentes infantís	2ª
Casa de acollida de menores	2ª
Charla de Orientación Profesional do D.O.	2ª
Experiencias ex alumnado en FCT e Erasmus	2ª
Hábitos en 0-3 anos	2ª
Doazón de médula	2ª
Período de adaptación	1º
Visita a Pontevedra (cidade Tonucci)	2º
Convivencia ciclos	1º



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## 1º CFGS INTEGRACIÓN SOCIAL

SAÍDAS, CHARLAS, VISITAS...	AVALIACIÓN
Anticoncepción e ITS	1ª
Rede de mulleres	1ª
Antigo alumnado	1ª, 2º e 3º
Fundación da Santa Cruz	2ª
Plan Local de Drogas	2ª
Baladre	1ª
ONG Taller de Solidaridade	1ª
Mobilidade Erasmus +	1ª
Cine Social	2ª
Provivienda	2ª
Emaús	2º
Infancia	2ª
Xaruma	2ª
LGTBIQA+	3ª
Visita a Lama	2º
Convivencia ciclos	1º
DOA	2º
Amorada	2º
AFAGA	2º
FIC Andaina	3º

## 2º CFGS INTEGRACIÓN SOCIAL

SAÍDAS, CHARLAS, VISITAS...	AVALIACIÓN
Biblioteca Neira Vilas	1ª
Alteracións da linguaxe	1ª
Fundación Secretariado Xitano	1ª
Mobilidade Erasmus +	1ª
SOS RACISMO	1ª
Cine Social	2ª
Fai ben	2ª
Antón Bouzas	2ª
Emaús	2ª
Charla sobre TEA	2ª
Doazón de médula	1ª
Provivienda	1ª
Plan Local de Drogas	1ª
Antiguas Alumnas	1ª, 2ª, 3ª
Charla orientación académica	
Charla Psicólogo do centro	1º
Convivencia ciclos	1º
ASPANAEX	2º



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## 6. COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- Realizaráse a partir do informe de derivación que o titor entrega á xefa do D.O. No informe recolleráse as n.e.e. detectadas.
- Psicólogo: martes de 16:30h. ata ás 18:30h. e venres de 9.30h. ata ás 12.30h.
- Pedagoga con cita previa.

## 7. OFERTA ESCOLAR

### AULA MATINAL:

Horario de 07:30 h a 09:00 h, atendido por monitores. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días soltos ou toda a mensuralidade.

### SERVIZO DE MEDIODÍA

Horario de 14:00 h a 14:30 h, atendido por persoal do Centro. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días soltos ou toda a mensuralidade.

### PSICÓLOGO EXTERNO

Horario:

Martes de 16:30 h a 18:30 h e venres de 09:00 h a 12:30 h.

A demanda deste servizo faise a través do protocolo do Departamento de Orientación.

### COMEDOR

Horario de 14:00 h a 15:50, atendido por monitores. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días soltos ou toda a mensuralidade.

### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CENTRO ORGANIZADAS POLO CLUBE, ANPA E CENTRO

(consultar a web do centro)

## 8. SEGURO ESCOLAR

O alumnado de 3º e 4º de ESO, Formación Profesional Básica. e Ciclos Formativos de Grao Superior, están cubertos polo Seguro Escolar da Seguridade Social. Os pasos a seguir son:

1º Cando se produza o accidente, recollerase na secretaría un parte de accidente.



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



**2º Unha vez cuberto o parte, o/a accidentado/a poderá acudir ao centro médico concertado: CENTRO MÉDICO O CASTRO (Antigo Perpetuo Socorro).**

## 9. NORMATIVA

### CONVIVENCIA

A Lei 4/2011 de 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa, regula especificamente a potestade do profesorado para requirir ao alumnado a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro.

A Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación recolle no seu artigo 6 os Dereitos e Deberes do alumnado e a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa recolle os dereitos e deberes de participación directa do alumnado. Ambas están visibles nos taboleiros das aulas onde se pode consultar as súas disposicións

A convivencia está baseada nas actitudes de respecto e convivencia pacífica tanto no trato coma na linguaxe. A sanción das faltas está tipificada no Regulamento de Réxime Interno.

Ante as faltas de respecto, tomaranse as medidas oportunas, e incluso reunirse o equipo docente para tomar as decisións comúns en colaboración coa Xefatura de Estudos. Considéranse, entre outras, como faltas de respecto tipificadas no Regulamento Interno de centro as seguintes:

- Falar reiteradamente, interrompendo a dinámica da aula.
- Dirixirse oralmente con entoación e vocabulario non axeitado ao contexto.
- Non respectar as diferenzas que se dan entre os/as compañeiros/as
- Utilizar o móbil, ou calquera outro dispositivo dixital, dentro das aulas para calquera outro uso diferente do didáctico.
- Comer ou beber cando se está dando clase (agás auga).
- Todo tipo de agresión física, verbal ou psíquica.

Se un alumno/a remata un exame antes de finalizar o tempo do mesmo, ao saír da aula non poderá quedar nos corredores. Deberá saír fora, chegando a tempo á hora seguinte. Lembrede que no resto das aulas están traballando.

Ao longo do horario lectivo o alumnado que non se atope na aula non poderá estar nos corredores nin nos recháns dos mesmos.

Durante o horario lectivo é de lembrar que as outras aulas están en clase, débese evitar o ruído e contaminación acústica nos corredores.

### Protección de datos

Tendo en conta a lei de protección de datos, queda prohibido subir á rede calquera tipo de información (comentarios alusivos, fotos, cualificacións publicadas, documentos con datos persoais...) que non sexa consentida. É ilegal, polo que o centro se reserva o dereito de proceder a realizar unha denuncia no caso de considerarse necesario.

### O uso do móbil



## COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



Segundo o artigo 19, punto 4, do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

*"Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica".*

O alumnado que non cumpra a norma establecida, se lle retirará o dispositivo que quedará custodiado pola xefatura de estudos que lle entregará por escrito un apercibimento que asinará. Ao chegar ao terceiro aviso o alumno/a poderá ser expulsado do módulo correspondente ou do centro ata 3 días lectivos.

Este decreto tipifica as condutas leves contrarias á convivencia (título III, cap 1, artigo 33) e as condutas gravemente prexudiciais (artigo 38).

### Tabaquismo

Segundo a Lei 42/2010, de 30 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, consumo e publicidade dos produtos do tabaco, non está permitido fumar dentro do recinto escolar (este considérase ata o portón).

Lembrede que a lei non permite fumar a menos de 200 metros dos centros educativos. Se algún profesor do claustro observa algún alumno fumando dentro do recinto, poderá pedirlle o nome e o curso e o comunicará ao titor/a correspondente. No caso de que sexa reincidente comunicaráselle ao equipo directivo, que procederá tomando as medidas oportunas.

A lei contempla as sancións tipificadas, no caso de incumprimento dalgunha das anteriores normas da maneira seguinte: «1. As infraccións leves sancionaranse con multa de 30 a 600 euros, salvo a consistente en fumar en lugares prohibidos prevista no artigo 19.2.a), que será sancionada con multa de ata 30 euros se a conduta infractora se realiza de forma illada; as graves, con multa desde 601 euros ata 10.000 euros, e as moi graves, desde 10.001 euros ata 600.000 euros.»

### **ASISTENCIA E PUNTUALIDADE**

1. A falta de puntualidade nas entradas da mañá, tarde e recreo, e a saída previa á finalización da sesión, se contabilizará como falta de asistencia non xustificada.
2. As persoas que traballen terán que cumprir as normas de asistencia xerais. Entendemos por faltas xustificadas (sempre con documentación acreditativa):
  - a) Hospitalización propia ou dun familiar ata segundo grao de consanguinidade.
  - b) Morte dun familiar.
  - c) Consulta co médico especialista con data, hora e selo orixinal (o tempo necesario). Non se contemplan as citas dos centros privados que poidan concertarse noutras horas.
  - d) Enfermidade que impida acudir ao centro educativo.
  - e) Xuízos.
  - f) Asistencia a exames oficiais (carné de conducir...).
  - g) Embarazo: probas ou visitas obrigadas.
  - h) En caso de nacemento considerase falta xustificada o mes posterior ao nacemento.



## COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



3. As faltas se comunicarán a todos os docentes e por último ao titor/a, a quen se lle entregará o xustificante e o rexistrará.
4. As faltas so se poderán xustificar como máximo unha semana despois da ausencia.
5. A lexislación vixente obriga a non faltar máis do 10% das horas de duración do módulo. Avisaremos cando se cheguen ao 6% das faltas mediante un apercibimento (papel ou Abalar móbil).
6. Se se sobrepasa o 10% das faltas de cada módulo, pérdese o dereito á avaliación continua e deberase agardar á avaliación final de módulos de primeiro, en xuño; e segundo, en marzo.
7. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o Equipo docente valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno/a na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no corresponde Regulamento de Réxime Interior do Centro (artigo 25, da orde do 12 de xullo de 2011).
8. O profesorado non comunicará o número de faltas de asistencia agás cando cheguen ao 6%; neste caso o alumno/a asinará o apercibimento pertinente o cal asinará de ser en papel ou recibirá por Abalar móbil, de ser por vía electrónica. O alumno será do mesmo xeito informado cando perda a avaliación continua, é dicir, ao chegar ao 10%. Recomendamos que cada alumno/a leve a conta das súas faltas.
9. No caso de faltar a un exame, exposición ou entrega de traballos, cada docente tomará as medidas oportunas segundo os seus criterios.

### USO E COIDADADO DO MATERIAL

Os danos, perdas ou roturas pola falta de interese, por desorde ou indisciplina, corren a conta dos causantes de tales accións.

O material empregado polo alumnado para actividades individuais ou de grupo será mercado por eles/as.

Se nalgún momento se precisa material do centro, será xestionado polo profesorado. Esixirase un material ao alumnado para uso común na aula e un material persoal e de uso individual.

O alumnado non pode "personalizar" os pupitres para a súa correcta limpeza.

O alumnado deberá respectar en todo momento a decoración que figura nos corredores e non levala para casa (son traballos persoais do alumnado).

Os espazos comúns, como os baños e o vestíbulo, deben permanecer limpos e sen papeis.

### DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O alumnado poderá solicitar atención do Departamento de Orientación ante necesidades académicas, persoais ou profesionais a través de calquera profesor/a ou de forma directa no propio departamento.



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## BAIXA DE OFICIO

Segundo o artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011, o centro enviará un apercibimento ao/á alumno/a que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicárase a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula en caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos. En caso de que se produza a baixa, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa.

Contra a resolución de baixa de oficio de matrícula a persoa solicitante poderá presentar recurso de alzada perante o xefe ou xefa territorial no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación. A dita resolución esgotará a vía administrativa.

## MATRÍCULA-CONVOCATORIA

A matrícula formalízase **en cada curso académico** e con ela o alumnado terá dereito a unha única convocatoria por cada módulo profesional.

Con carácter xeral, o alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou segundo no mesmo centro un máximo de dúas veces. O alumnado que logo da repetición de primeiro curso no mesmo centro, non obtivera avaliación positiva para a promoción ao segundo curso ou que, despois da repetición do segundo curso no mesmo centro, non conseguise titularse por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo, poderá completar os módulos profesionais non superados e, así, concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro.

O alumnado poderá ser avaliado dun mesmo módulo profesional un máximo de catro convocatorias, con independencia do réxime ou da modalidade que se curse, agás no caso do módulo profesional de FCT que será de dúas.

## SOLICITUDE DE CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Segundo a RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25, no artigo 7 dita:

*1. O alumnado que esgote as convocatorias a que tiña dereito poderá solicitar a autorización dunha única convocatoria extraordinaria para poder rematar os seus estudos, de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen nos artigos 11 e 12 da Orde do 12 de xullo de 2011*

## VALIDACIÓNS

RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25, artigo 5 (prazos de presentación de solicitude de validacións):

*8. O alumnado presentará a solicitude de validacións nos seguintes prazos:*



## **COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



*Para as validacións que son competencia da persoa titular da dirección do centro, o alumnado poderá solicitar as validacións nos primeiros 20 días desde o inicio das clases, segundo se establece no artigo 41.1 da Orde do 12 de xullo de 2011, utilizando o modelo de solicitude do anexo XIV desta orde.*

*Para as validacións que deban ser resoltas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, o prazo de presentación de solicitudes por parte do alumnado, utilizando o modelo do anexo IV da Orde ECD/2159/2014, rematará o 15 de outubro. O centro tramitará a solicitude de validación e a documentación achegada polo alumnado, logo da súa revisión e verificación, utilizando a sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional (<https://sede.educacion.gob.es>), antes do 30 de outubro*

Os módulos co mesmo código e iguais denominacións, capacidades terminais ou resultados de aprendizaxe, contidos e duración, conservarán a nota obtida no módulo cursado.

### **ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO**

Segundo o Decreto 114/2010 de 1 de xullo polo que se establece a Ordenación Xeral da Formación Profesional do sistema Educativo de Galicia no seu artigo 61 di: *"o alumnado con Necesidades Educativas Especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral"*.

### **AVALIACIÓN E PROMOCIÓN**

Segundo a Orde de 12 de xullo de 2011 o alumnado poderá formalizar a matrícula de segundo curso cando teña superados todos os módulos de primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou módulos pendentes non supera as 300 horas. En todo caso, se non logran promocionar deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

### **MATRÍCULA DE HONRA EN CICLOS FORMATIVOS**

Consonte ao establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011 o alumnado que obteña unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a 9 puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder será de máximo de dúas. Se o grupo de alumnos/as é inferior a 20 só se concederá unha.

### **FOLGAS**

Segundo o artigo 8 da Lei Orgánica 8/1985 do 3 de xullo reguladora do dereito á educación engádeselle un novo parágrafo coa seguinte redacción:



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



*"A fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumn@s en centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán e elaborarán as súas normas de organización e funcionamento así como as condicións nas que os seus alumnos/as poden exercer este dereito.*

*Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten o alumnado a partir do 3º curso de E.S.O, con respecto á asistencia a clase non terán consideración de faltas de asistencia nin serán obxecto de sanción cando estas foran resultado do exercicio do dereito da reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro".*

#### CONDICIÓN:

Comunicar a relación do alumnado polo menos con dous días de antelación á dirección a través dun documento no que figuren a data, hora, convocantes e motivos da mobilización (que sexan oficiais); dito documento estará a libre disposición do alumnado solicitándoo á coordinadora de FP.

Nos casos nos que a dirección as dea por válidas, as faltas de asistencia consideraranse xustificadas.

No caso de cambiar datas de exames, entrega de traballos, exposicións... o profesorado afectado tomará as medidas que crea convenientes.

## 10. ESTRUCTURA CICLOS

Ver cambios recollidos na oferta da formación profesional no curso 2025/26 na RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2026/26.

O centro dispón dun Aula virtual (plataforma Moodle), que servirá de vía de comunicación co alumnado así como para facer chegar as tarefas a realizar os días de non asistencia ao centro educativo ou en caso de estar nunha situación de non presencialidade.

#### MÓDULO PROFESIONAL DE PROXECTO INTERMODULAR

Desenvolverase logo da avaliación positiva de máis do 50% da carga horaria semanal dos módulos de formación no centro educativo, coincidindo coa realización do módulo profesional de Prácticas en Empresas, e avaliarase logo de cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

A renuncia ao módulo de Prácticas en Empresas implica a renuncia ao módulo de proxecto e viceversa.

#### CICLO DE GRAO SUPERIOR DE EDUCACIÓN INFANTIL

O ciclo abarca os seguintes módulos, coas súas correspondentes horas/sesións e as porcentaxes de sesión que conducen a apercibimentos do 6% e do 10% que se correspondería coa perda do dereito á avaliación continua



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



### 1º CURSO

MÓDULO	HORAS/SESIÓNS NO CENTRO	10 % DAS SESIÓNS	6% DAS SESIÓNS
Didáctica da educación infantil	288	29	18
Metodoloxía do xogo	/188	19	12
Expresión e comunicación	/220	22	14
Desenvolvemento cognitivo motor	/183	22	14
Itinerario Persoal para a Empregabilidade 1	/128	11	8
Sustentabilidade aplicada ao sector produtivo	/36	4	3
Inglés 1	/60		

### 2º CURSO

MÓDULO	HORAS /SESIÓNS SESIÓNS NO CENTRO	10% DAS SESIÓNS	6% DAS SESIÓNS
Desenvolvemento Socioafectivo	/119	12	7
Habilidades Sociais	/102	11	6
Autonomía persoal e saúde	/137	14	9
Intervención coas familias e menores en risco social.	/102	10	6
Primeiros auxilios	/52	5	3
Itinerario Persoal para a empregabilidade 2	31	3	2
Formación en Centros de Traballo	500/	50	
Proxecto de atención á infancia	50/50	5	3
Inglés 2	/37		

### 1º CFGS EDUCACIÓN INFANTIL

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO MÓDULO DE INGLÉS PROFESIONAL EN 1º CURSO



## COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



De acordo coa lexislación vixente, a avaliación do módulo será progresiva, realizarase durante todo o proceso de aprendizaxe, permitindo coñecer a evolución do alumnado antes, durante e cando finalice o devandito proceso. Os contidos son acumulativos, e avaliaranse como se explica a continuación:

A cualificación do módulo basearase na valoración das seguintes destrezas, entendidas como a aplicación práctica dos saberes básicos para o desenvolvemento das competencias profesionais: Cada trimestre realizaranse dous bloques de probas. Cada bloque constará de:

**Comprensión lectora (Reading):** 25% da nota trimestral. Valorarase a capacidade de interpretar e analizar textos profesionais, extraendo información relevante e comprendendo a intención comunicativa: 25% da nota, precisando un mínimo de un 2.5/10.

**Exposición escrita (Writing):** 25% da nota trimestral. Avaliarase a capacidade de redactar documentos profesionais (correos electrónicos, informes, cartas) de xeito claro, coherente e axeitado ao contexto, aplicando a gramática e o vocabulario específicos: 25% da nota, precisando un mínimo de un 2.5/10.

**Comprensión oral (Listening):** 25% da nota trimestral. Medirase a capacidade de entender e procesar información en situacións de comunicación profesional, como presentacións, conversas telefónicas ou reunión: 25% da nota, precisando un mínimo de un 2.5/10.

**Exposición oral (Speaking):** 25% da nota trimestral. Valorarase a fluidez, a pronunciación e a adecuación ao contexto profesional en interaccións orais, como exposicións, entrevistas ou negociacións: 25% da nota, precisando un mínimo de un 2.5/10.

Obteranse dúas notas sobre 10 cada trimestre, a nota media destas dúas será a que figure no boletín. Redondearase a partir de 0.75, sendo a nota que figure no caso de un 6.75 un 7 e no caso de un 6.60, un 6.

O peso da nota na avaliación final do primeiro trimestre será un 20%, a do segundo un 30% e a do terceiro un 50%.

[Fórmula: nota 1º trimestre x0.20+nota 2º trimestre x0.30+nota 3º trimestre x0.50=nota final]



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## **DESENVOLVEMENTO COGNITIVO-MOTOR**

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Serán avaliados mediante as seguintes actividades para cada un dos trimestres: Proba escrita 20%

O restante 80% repártese entre traballos, exposicións e intervencións.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles para que o alumnado poida superar o módulo son:

- Acadar unha cualificación mínima de 5 en todas as actividades asociadas a un CA (criterio de avaliación) mínimo esixible segundo o decreto en vigor.
- Acadar unha media global de tódalas tarefas de, alomenos, un 5
- Ter entregados e realizados en data todos os traballos, exposicións e intervencións.
- Asistir ás intervencións planificadas co alumnado de infantil

### **CRITERIOS E PAUTAS DE RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS DO MÓDULO**

O alumnado que non superara algunhas das avaliacións por non conseguires os CA mínimos esixibles ou unha nota media de 5 entre todas as cualificacións poderá recuperalas realizando as tarefas propostas polo profesorado co obxecto de alcanzar os CA non adquiridos ou chegar ao 5. As datas de entrega destas tarefas as fixará o docente ao final de cada avaliación.

### **CRITERIOS E PAUTAS PARA ALUMNADO CON PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA**

O alumnado perderá a avaliación continua cando falten sen xustificar ao 10% (22 sesións) da asistencia ás aulas e terá dereito a avaliarse nunha proba extraordinaria no mes de xuño a través dunha proba escrita. Ao chegar a un 6% de faltas de asistencia (13 sesións), o alumnado recibirá un apercibimento.



**COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"**

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



## **MÓDULO DE DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN INFANTIL CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de cualificación baséase nas seguintes ponderacións, os tantos por cento asignados ás distintas partes son os seguintes:

1. EXAME 60% (1ª Avaliación), 50% (2ª Avaliación), 30% (3ª Avaliación) No caso de que se realicen máis dun exame por avaliación, a porcentaxe correspondente aplicarase despois de facer a suma das cualificacións dos distintos exames, e o resultado dividilo entre o número dos mesmos.
2. ACTIVIDADES DE MAIOR ENTIDADE DAS U.D. (incluídas as que se correspondan con actividades complementarias): 20% (1ª Avaliación) 30% (2ª Avaliación), 50% (3ª Avaliación). Realízase a media das cualificacións e despois aplicarase o tanto por cento correspondente.
3. ACTIVIDADES MENOR ENTIDADE: 10%. A porcentaxe correspondente, aplicarase despois de facer a suma das cualificacións das actividades, e o resultado dividilo entre o número das mesmas.
4. ACTITUDES 10%.

### **MÍNIMOS EXIXIBLES/RECUPERACIÓN**

#### **a) CONDICIÓN**

- Ter acadados os criterios de avaliación específicos de cada unidade didáctica, expostos en cada avaliación no taboleiro da aula e sinalados como mínimos.
- Obter unha media de 5 nas escalas de valoración, rúbricas ou exames cos que se avalían estes criterios.
- Acadar unha cualificación de 5 en tódalas actividades teóricas, prácticas, exposicións e exames realizados.
- Non se aplica o criterio de facer media no caso de ter algunha parte suspensa.
- No caso de non cumprirse o anterior as cualificacións das partes aprobadas conservanse e a alumna/o só terá que presentar as actividades non realizadas ou examinarse da parte suspensa no exame de recuperación.

#### **b) RECUPERACIÓN**

A recuperación por avaliacións inclúe a:

- Realización dun exame de recuperación despois de cada avaliación.
- Entrega dos traballos suspensos ou non presentados.
- Realización das exposicións orais pendentes.
- Realización das actividades prácticas pendentes.

#### **c) RECUPERACIÓN XUÑO**

A recuperación en xuño consistirá na:

- Presentación ao Exame Final de Xuño por avaliacións completas.
- Realización ou entrega das tarefas pendentes.

### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA**

A alumna/o que perda o dereito á avaliación continua:



## COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



- Poderá entregar as actividades ao rematar cada avaliación, pero a avaliación das mesmas se realizará en xuño.
- Presentarase a unha proba que incluirá:
  - } Un exame final que inclúa tódolos temas dende a perda do dereito a avaliación continua.
  - } A realización de actividades que supoñan exposicións orais, representación corporal, narracións de contos...
- Os criterios de avaliación serán os mesmos que para as alumnas ou alumnos de asistencia regular.

### PROCEDIMENTO PARA ALUMNADO CO MÓDULO PENDENTE DE 1º

O período de recuperación dos módulos pendentes de 1º abrangue de setembro a xaneiro. Ao iniciar o 2º curso farase unha reunión coas alumnas/os co Módulo pendente, onde se lles indicará o xeito de recuperalo no período de setembro a xaneiro. O alumnado terá que:

- Realizar os exames dos temas correspondentes. Na reunión, antes nomeada, fixaranse as datas dos mesmos coa participación do alumnado.
- No caso de non superar ou non presentarse a algún dos anteriores exames nas datas sinaladas, realizarán a súa recuperación nun exame final antes da avaliación de módulos de 2º.
- Presentar ás actividades teóricas ou prácticas do curso anterior, pendentes de realización ou entrega. A cada alumna/o comunicareille as actividades que estean pendentes de presentación.
- Realizar na miña presenza, na data sinalada, as actividades que requiren exposición, movemento, expresión ...

A cualificación final calcularase tendo en conta as cualificacións das actividades superadas no curso anterior, na proporción establecida anteriormente. As alumnas/os que suspenden o módulo, e non poden ir a Prácticas porque superan o 50% dos horas permitidas para poder asistir ao Centro de Traballo, recuperarán dito módulo en xuño. A recuperación consistirá en:

- Exame Final.
- Realización ou entrega das tarefas pendentes

### MÓDULO DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación baséase nas seguintes ponderacións, os tantos por cento asignados ás distintas partes son os seguintes:

1. EXAME 60% (1ª Avaliación), 50% (2ª Avaliación), 40% (3ª Avaliación) No caso de que se realicen máis dun exame por avaliación, a porcentaxe correspondente aplicarase despois de facer a suma das cualificacións dos distintos exames, e o resultado dividilo entre o número dos mesmos.
2. ACTIVIDADES DE MAIOR ENTIDADE DAS U.D. (incluídas as que se correspondan con actividades complementarias): 20% (1ª Avaliación) 30% (2ª Avaliación), 40% (3ª Avaliación). Realízase a media das cualificacións e despois aplicarase o tanto por cento correspondente.
3. ACTIVIDADES MENOR ENTIDADE: 10%. A porcentaxe correspondente, aplicarase despois de facer a suma das cualificacións das actividades, e o resultado dividilo entre o número das mesmas.
4. ACTITUDES 10%.

### MÍNIMOS EXIXIBLES/RECUPERACIÓN

#### a) CONDICIÓN

- Ter acadados os criterios de avaliación específicos de cada unidade didáctica,



## COLEXIO PLURLINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



expostos en cada avaliación no taboleiro da aula e sinalados como mínimos.

- Obter unha media de 5 nas escalas de valoración, rúbricas ou exames cos que se avalían estes criterios.
- Acadar unha cualificación de 5 en tódalas actividades teóricas, prácticas, exposicións e exames realizados.
- Non se aplica o criterio de facer media no caso de ter algunha parte suspensa.
- No caso de non cumprirse o anterior as cualificacións das partes aprobadas conservanse e a alumna/o só terá que presentar as actividades non realizadas ou examinarse da parte suspensa no exame de recuperación.

### **b) RECUPERACIÓN**

A recuperación por avaliacións inclúe a:

- Realización dun exame de recuperación despois de cada avaliación.
